ALBORES
Ciclo de Lied

XOVES 26 NOVEMBRO 2026
Auditorio de Galicia, 20.00 h

Kateryna Kasper, soprano

Ensemble ADOC
- Mariña García Bouso, violín barroco
- Tiago Matías, guitarra romántica
- Marta López, clave

Coa colaboración de: AdOC Amigos da Ópera de Compostela

MEMORIA
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

AUDITORIO DE GALICIA

CONSORCIO DE SANTIAGO · GOBIERNO DE ESPAÑA · CONCELLO DE SANTIAGO · XUNTA DE GALICIA · AUDITORIO DE GALICIA · Deputación DA CORUÑA

Compostela Cultura

PROGRAMA

I

C. W. GLUCK (1714-1787)
Klopstocks Oden un lieder, Wq. 49
Die Neigung
Die Sommernacht
Die frühen Gräber

M. GIULIANI (1781-1828)
Lieder, op. 89 para voz e guitarra
Abschied No.1
Standchen No.5
Lied No.4

W. A. MOZART (1756-1791)
Sonata para clave e violín, K.6
Allegro
Andante
Menuetto Primo-Menuetto Secondo
Allegro molto

II

F. CARULLI (1770-1841)
Dúo núm. 2 en Re maior, op. 22 para violín e guitarra
Moderato
Largo
Polonaise

W. A. MOZART (1756-1791)
Lied der Freiheit, K.506
Sehnsucht nach dem Frühling, K.596
Abendempfindung K.523

M. TH. PARADIS (1759-1824)
Zwölf Lieder auf ihrer Reise in Musik gesetzt
Morgen eines armen Mannes
Erinnerung ans Schikfal

M. HAUPTMANN (1792-1868)
Lieder, op. 31
Der Fischer

Duración aproximada do concerto: 95 minutos (con pausa)
Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Kateryna Kasper
Soprano

A soprano xermano-ucraína Kateryna Kasper distínguese pola súa versatilidade estilística na ópera, no oratorio e no Lied. Actúa regularmente nos principais teatros de ópera, salas de concertos e festivais de todo o mundo, sendo recoñecida polas súas interpretacións cheas de matices e a súa amplitude expresiva.

Entre os seus fitos recentes inclúense os seus aclamados debuts como Mélisande en *Pelléas et Mélisande* de Debussy (o seu debut operístico no Reino Unido) no Longborough Festival Opera, baixo a dirección escénica de Jenny Ogilvie e a batuta de Anthony Negus, e como Elettra en *Idomeneo* de Mozart coa Freiburger Barockorchester no Teatro Real de Madrid, no Gran Teatre del Liceu de Barcelona e na Elbphilharmonie de Hamburgo. Tamén interpretou o papel de Piacere en *Il trionfo del Tempo e del Disinganno* de Händel coa B'Rock Orchestra baixo a dirección de René Jacobs en Seúl, Tongyeong e Toquio. Na Staatsoper de Berlín participou como Kaiserin Arianna en *Il Giustino* de Vivaldi, así como Micaëla en *Carmen* de Bizet na Ópera de Frankfurt. Outros compromisos levárona ao Festival de Salzburgo na *Misa en do menor* de Mozart e ao Festival Menuhin de Gstaad, onde cantou a *Sinfonía «Resurrección»* de Mahler baixo a batuta de Jaap van Zweden.

Durante as dúas últimas tempadas, Kasper interpretou o papel de Isacco na impresionante obra *Abramo ed Isacco* de Mysliveček co Collegium 1704 e Václav Luks no Rudolfinum de Praga e no Concertgebouw de Ámsterdan. Así mesmo, debutou no Canadá con *Aci, Galatea e Polifemo* de Händel xunto á Arion Baroque Orchestra en Montreal, ao que seguiron actuacións coa Kammerorchester Basel en Basilea e Viena. O seu labor no campo do oratorio inclúe unha extensa xira coa *Paixón segundo San Mateo* de Bach xunto á Freiburger Barockorchester e Francesco Corti por Europa e Corea do Sur, o *Oratorio de Nadal* de Bach no Wiener Konzerthaus coa Wiener Symphoniker e na Isarphilharmonie de Múnic baixo a dirección de Patrick Hahn, *A Creación* de Haydn na Tonhalle de Zúric e *As sete últimas palabras de Cristo na cruz* co RIAS

Kammerchor no Konzerthaus de Berlín, gravación que será editada en disco.

Esta tempada, a cantante ten previstos numerosos compromisos operísticos e sinfónicos de relevancia. Realizará dous importantes debuts de rol: como Cleopatra en *Giulio Cesare* de Händel, regresando ao que foi o seu teatro de referencia, e como Donna Anna en *Don Giovanni* de Mozart na Vlaamse Opera de Anveres e Gante. Tamén volverá encarnar a Arianna en *Il Giustino* de Vivaldi coa Freiburger Barockorchester baixo a dirección de René Jacobs nunha xira con paradas en Valencia, o Teatro Real de Madrid, o Konzerthaus de Friburgo, o festival Heidelberger Frühling e DeSingel en Anveres. Ademais, poderá ser escoitada como Aci (*Aci, Galatea e Polifemo*) no Festival Händel de Halle, así como en Barcelona e Sevilla. Outros concertos inclúen *Un réquiem alemán* de Brahms coa Bochumer Symphoniker e a *Paixón segundo San Xoán* de Bach coa Orquesta Filarmónica de Gran Canaria baixo a batuta de Karel Mark Chichon.

Entre 2014 e 2024, Kasper formou parte do elenco estable da Ópera de Frankfurt, onde interpretou un amplo abano de papeis que abranguen dende o Barroco ata a ópera contemporánea. Entre eles destacan Romilda, Oriana e Angelica nas óperas de Händel *Serse*, *Amadigi* e *Orlando*; Pamina e Susanna en *A frauta máxica* e *As vodas de Fígaro* de Mozart; Gretel en *Hansel e Gretel* de Humperdinck; Antonida en *Ivan Susanin* de Glinka; Sophie en *O cabaleiro da rosa* de Strauss; Titania en *O soño dunha noite de San Xoán* de Britten, e a Muller Nova na estrea mundial de *Der Goldene Drache*, un papel escrito expresamente para ela por Péter Eötvös. Os seus compromisos operísticos levárona tamén aos festivais de Edimburgo, Bregenz, Bergen e St. Margarethen, así como á Ópera de Los Ángeles.

Kateryna Kasper posúe un amplo repertorio de concerto que vai dende os oratorios e paixóns de Bach ata as sinfonías de Mahler, pasando por Haydn, Mozart, Brahms, Mendelssohn, Dvořák, Poulenc e Henze. Dedícase con grande paixón ao lied en concerto, centrándose no repertorio romántico alemán e ucraíno. O seu

álbum de debut, *O wüßt ich doch den Weg zurück* ..., reúne cancións románticas sobre a infancia e os mundos de contos de fadas, gravadas xunto a Hilko Dumno no histórico piano Steinway de Richard Wagner en Bayreuth. En 2022 viron a luz as gravacións de ciclos de Shostakovich e Weinberg co Trio Vivente, así como *O cazador furtivo* de Weber coa Freiburger Barockorchester baixo a dirección de René Jacobs (galardoada co premio Opus Klassik), e o seu segundo álbum de cancións, *Ein süßes Deingedenken*, con obras de Fanny e Felix Mendelssohn gravadas con Dmitry Ablogin nun fortepiano histórico de 1835.

Kasper formouse en Donetsk (Ucraína) con Raisa Kolesnik, en Núremberg con Edith Wiens e en Frankfurt con Hedwig Fassbender. En 2014 gañou o Concurso Internacional de Canto Mirjam Helin en Helsinqui.

Ensemble ADOC

Mariña García Bouso
violín barroco

Natural de Ribadeo, comeza os seus estudos de música aos sete anos de idade. Frecuenta o Centro de Música de Fingoi en Lugo e o Conservatorio de Oviedo ata que decide especializarse en Música Antiga en Portugal con Amandine Beyer e, en Francia, con Odile Edouard. Ten colaborado con agrupacións e solistas nacionais e internacionais como Amandine Beyer, Rachel Podger, Alfredo Bernardini, Sigiswald Kuijken, Raquel Andueza, Carlos Mena e Andreas Schöll, entre otros.

Marta López
clave

Marta é unha especialista en instrumentos de tecla históricos nada en Santiago de Compostela. Desenvolve a súa carreira profesional no Reino Unido, España e Portugal, actuando como solista e colaboradora de agrupacións como a Orchestra of the Age of Enlightenment, a Orquestra Barroca Vigo 430, Metáfora das Flores ou a Real Filharmonía de Galicia.

Tiago Matias
guitarra romántica

Nado en Aveiro, Tiago Matias é guitarrista e laudista, dedicado á interpretación, investigación e difusión da música portuguesa. Formado no Conservatorio de Música de Aveiro e na Escola Superior de Música de Lisboa, recibíu diversas distincións en concursos de guitarra, entre as que destaca o Primer Premio de Música en Compostela (España, 2004). Colabora con agrupacións como Sete Lágrimas e a Orquestra Barroca da Casa da Música. Publicou cinco discos como solista, desde Cifras de Viola (2021), nominado a los premios PLAY, ata Sombras (2025), distinguido nos Global Music Awards e os World Classical Music Awards; Fantasia (2024) tamén foi premiado nos Global Music Awards. A súa actividade internacional como solista, entre actuacións realizadas e compromisos previstos ata fin de 2027, abarca arredor de vinte países de Europa, América, Asia e Oceanía, con concertos e actividades académicas sobre música portuguesa antiga e contemporánea. En 2026 otorgouselle a Medalla de Ouro ao Mérito Cultural do Municipio de Oliveira do Bairro. É investigador e doctorando na Universidade de Coimbra.

NOTAS AO PROGRAMA

Esta noite teremos ocasión de escoitar un novo concerto do ciclo de *lied* organizado en colaboración coa Asociación Amigos da ópera de Santiago de Compostela para esta temporada. O programa leva por título «Albores» e o concepto xeral do mesmo xira arredor dos inicios deste xénero que triunfará no Romanticismos pero que porén dá os seus primeiros pasos, como veremos, na etapa xustamente anterior. Achegarémonos a algúns exemplos ben singulares que se afastan do esquema tímbrico tradicional ao que estamos máis habituados (voz e piano) e que presentarán acompañamento de guitarra, violín ou cravo. Ademais, xunto con compositores ben famosos como Mozart e Gluck, contaremos con autores menos coñecidos que nos servirán para descubrir as orixes deste xénero vocal: M. Giuliani, F. Carulli, M. Theresia Paradis e M. Hauptmann.

Como ben é sabido a palabra *lied* significa canción en alemán e para moitos autores a historia deste xénero está ligada á propia historia de Alemaña remontando as súas orixes aos *Carmina* dos antigos bardos, pasando polas cancións medievais dos Minnesinger e os Meistersinger ou posteriormente o coral luterano. Porén, a historia propia do *lied* tal e como o entendemos hoxe en día comeza a mediados do século XVIII en Berlín, onde algúns músicos da corte de Federico II conforman a chamada Primeira Escola de Berlín que avogará pola simplicidade musical e textual seguindo as ideas do Iluminismo. Posteriormente, os compositores Zelter e Reichardt serán o acicate definitivo para o desenvolvemento do *lied* en relación ao movemento literario do *Sturm und drang* e aos preceptos da filosofía de Herder. Non obstante, o pulo cara ao *lied* romántico terá lugar na Viena de Haydn, Mozart e Beethoven nas dúas últimas décadas do s. XVIII, sendo Goethe un dos seus referentes literarios ineludibles.

O primeiro autor que escoitaremos é C. W. Gluck (1714-1787), compositor clásico especialmente coñecido pola súa reforma operística que levou a cabo xunto ao libretista Calzabigi e cuxos preceptos quedaron expostos no prólogo da ópera

Alceste (1767). O seu obxectivo principal foi facer un espectáculo universal que reunira o gusto italiano e francés tradicionalmente enfrontados. Hoxe escoitaremos tres dous seus *Klopstocks Oden un Lieder* (*Odas e cancións de Klopstock*), *Wq.49*: *Die Neigung* (A inclinación), *Die Sommernacht* (A noite de verán), e *Die frühen Gräber* (As tumbas precoces). Friedrich Gottlieb Klopstock (1724 e 1803) foi un dos poetas e dramaturgos alemáns máis recoñecidos do primeiro período clásico da literatura xermana. Ambos autores, o escritor e Gluck, coñecéronse en París na corte do margrave Karl Friedrich de Baden cando o músico viaxou á cidade francesa por segunda vez en 1774. O proxecto inicial foi crear unha serie de cancións para consumo no ámbito privado, de feito Gluck apenas musicou máis textos en alemán. Trátase de poemas de corte sinxelo e sobrio que respondían ao ideal de estética clásica. O conxunto de sete cancións foi composto entre 1774 e 1785 e publicado por primeira vez ao ano seguinte, 1786. Compre destacar a moi alta consideración deste repertorio por parte dos contemporáneos de Gluck fronte á pouca atención que recibe por parte de intérpretes modernos. Reichardt, ao que mencionamos liñas atrás, referiuse a este tipo de cancións como «unha obra de arte do ámbito pequeno».

A continuación interpretaranse tres dos *Lieder Op. 89 para voz e guitarra* de M. Giuliani (1781-1829), músico italiano que destacou como compositor e virtuoso da guitarra, sendo xunto co español Fernando Sor un dos máximos defensores deste instrumento durante o Clasicismo. Nado en Bisceglie, Giuliani formouse inicialmente co violonchelo como instrumento principal, pero pronto comezou tamén coa guitarra. En 1806 estableceuse en Viena onde entrou en contacto con compositores como Humel e Reichardt (este último fixo críticas moi favorables sobres os seus traballos). Na capital austríaca traballou como concertista, compositor e profesor e chegou a participar como violonchelista na estrea en 1813 da *Sinfonía núm. 7* de L. v. Beethoven. Seis anos máis tarde,

inmerso en importantes problemas económicos, decide volver a Italia. Nun primeiro momento afíncase en Roma e alí coñece a Rossini, do que fará numerosas transcricións. Posteriormente, trasládase a Nápoles, onde morre aos 47 anos. Dentro do seu catálogo de máis de 200 composicións é especialmente coñecido o *Concerto para guitarra en La M* e centos de cancións nas que alterna o acompañamento con piano ou con guitarra. Os *Lieder Op. 89* son un ciclo de cancións compostos en 1817 sobre textos de poetas alemáns como Goethe, Schiller ou Matthisson entre outros, que abordan temas como o anhelo, as despedidas, as ausencias ou os encontros. Concretamente escoitaremos: a núm. 1 *Abschied* (Despedida) con texto de Johann Wolfgang von Goethe, a núm. 5 *Standchen* (Serenata) sobre un poema de Christoph August Tiedge e a núm. 4 *Lied* (Canción) que emprega unha poesía sobre o anhelo amoroso da autoría de Ernst von Steigentesch.

Segue unha especie de interludio instrumental dentro deste recital vocal coa execución da *Sonata para cravo e violín, K.6* de W. A. Mozart (1756-1791) e un dos *Dúos para violín e guitarra Op. 22* de F. Carulli (1770-1841).

A *Sonata para cravo e violín, K.6 é* unha das primeiras obras do compositor salzburgués e forma parte dun conxunto de catro sonatas para cravo con acompañamento de violín, un formato bastante habitual na época. Os estudosos afirman que compuxo esta obra con tan só 6 ou 8 anos e que foi anotada polo seu pai, o tamén compositor Leopold Mozart. A sonata está escrita na tonalidade de Do M e estruturada en catro movementos: *Allegro*, *Andante*, *Menuetto Primo-Menuetto Secondo* e *Allegro Molto*. Xunto coa sonata K.7 conforma o op.1 de W. A. Mozart.

Pola súa parte Ferdinando Carulli dedicou gran parte dos seus esforzos como compositor ao seu instrumento, a guitarra. Nado en Nápoles en 1770, os seus inicios na música foron da man dun sacerdote *amateur* tendo, como no caso de Giuliani, o violonchelo como instrumento principal. Aos 20 anos

decidiu cambiarse á guitarra e foi un auténtico autodidacta, posto que non había profesorado especializado na súa cidade natal. Deste xeito, desenvolveu a súa propia técnica e un método que aínda é de referencia na actualidade. Así mesmo, introduciu melloras no instrumento en colaboración con *luthiers* coetáneos. Esta noite presentarannos o segundo dos *Dúos para violín e guitarra* op. 22 escrito en 3 movementos: *Moderato*, *Largo* e *Polonaise*.

Retomamos logo a segunda parte vocal de novo da man do grandísimo W.A. Mozart con tres dos seus *lieder*: *Lied der Freiheit* (Canción da liberdade) K.506, *Sehnsucht nach dem Frühling* (Nostalxia da primavera*)* K.596 e *Abendempfindung* (Sentimentos da noite*)* K.523. O primeiro deles foi composto en Viena en 1786 sobre un texto de Alois Blumauer (1755-1798) que exalta a liberdade do ser humano fronte a ataduras como o amor mal entendido ou a servidume económica. A seguinte canción, con texto de Christian Adolph Overbeck (1755-1821), aborda o anhelo da chegada da primavera con toda a súa beleza de cores, flores e canto dos paxaros fronte ao duro inverno. Por último, *Abendempfindung,* sen dúbida un dos *lieder* máis coñecidos de Mozart. O seu texto é da autoría de Joachim Heinrich Campe (1746-1818) e xira en torno ao tema da morte, sendo a noite unha metáfora para referirse a ela.

Continúa o programa coa compositora María Theresia Paradis (1759-1824) unha muller adiantada aos seus tempos que foi valorada por figuras como Haydn ou Mozart e que rompeu barreiras de xénero e discapacidade. Paradis naceu en Viena no seo dunha familia acomodada e debe o seu nome á emperatriz, para quen traballaba o seu pai. Dende moi pequena recibiu unha sólida formación musical con nomes tan importantes como Salieri. Despois de distintas xiras por Europa, onde coincidiu con personaxes célebres como a raíña María Antonieta (cando actúa nos Concert Spirituel, unha das primeiras iniciativas europeas de concerto público), estableceuse en Londres. A compositora padecía unha cegueira

dende ben pequena que non foi óbice en absoluto para o desenvolvemento da súa carreira musical. De feito, tivo un gran papel na educación musical inclusiva xa que creou escolas para nenas cegas en París e Viena e inventou o musicógrafo, un aparello que permitía ler partituras en relevo. Gran parte do seu catálogo perdeuse co paso do tempo. Hoxe escoitamos dous dos *Zwölf Lieder auf ihrer Reise in Musik gesetzt* (Doce cancións postas en música durante a súa viaxe) compostos ao longo das súas xiras europeas entre 1784 e 1786: *Morgen eines armen Mannes* (Mañá dun home pobre) con texto de Johann TImotheus Hermes e *Erinnerung ans Schikfal* (Recordo do destino) sobre un poema de Madame de la Roche.

Pecha o programa o compositor, violinista, profesor e teórico musical Moritz Hauptmann (1792-1868). Nado en Dresde, formouse con Louis Spohr e posteriormente ocupou o cargo de director musical en Santo Tomás de Leipzig (posto de traballo de J. S. Bach anos atrás) e tamén foi profesor no conservatorio da cidade por recomendación de Mendelssohn. Hoxe achegámonos a un dos seus *3 Lieder* op. 31 compostos en 1844. O elixido para este concerto é *Der Fischer* (O pescador) cunha instrumentación moi interesante e empregada con frecuencia por este autor —voz, teclado e violín *obligato*— na que este último dialoga coa voz. O texto conta a historia dun pescador hipnotizado por unha criatura mariña, unha especie de ninfa ou serea e o seu autor é Goethe. Como curiosidade cabe sinalar que Schubert e Loewe elixiron este mesmo texto para poñer en música.

Carme Tubío Barreira

MEMORIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

AUDITORIO DE GALICIA

PRÓXIMO CONCERTO

LEMBRANDO OS CLÁSICOS

XOVES 3 DECEMBRO
Auditorio de Galicia, 20.00h

Sergey Malov, violín,
violoncello da spalla e director

- W. A. Mozart: Sinfonía núm. 1 en Mi bemol maior, KV. 16
- J. S. Bach: Concerto para violín en Sol menor (reconstrución)
- L. Boccherini: Concerto para violoncello en Re maior (con violoncello da spalla)
- W. A. Mozart: Sinfonía núm. 41 en Do maior, KV. 551, «Xúpiter»

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS
981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM
@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK
RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

X
@CCultura

TIKTOK
@realfilharmoniadegalicia

CONSORCIO DE SANTIAGO · GOBIERNO DE ESPAÑA · CONCELLO DE SANTIAGO · XUNTA DE GALICIA · AUDITORIO DE GALICIA · Deputación DA CORUÑA · Compostela Cultura